



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan as delegacións da Xunta de Galicia no exterior
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
- Decreto polo que se aproba o cambio de capitalidade do Concello do Páramo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto de aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Lugo na zona de San Cibrao
- Decreto polo que se nomea a Mar Chao López directora xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, para a realización de programas de apoio a familias en situacións especiais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Carnota para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede galega de escolas infantís 0-3 (Galescolas)



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Carral para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede galega de escolas infantís 0-3 (Galescolas)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Pontevedra para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede galega de escolas infantís 0-3 (galescolas)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración formalizado o 7 de xullo de 2006 entre a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co obxecto de establecer un marco de actuación para realizar traballos relacionados coa información do territorio dirixidos á elaboración dunha base de datos toponímica de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria; Innovación e Industria; Cultura e Deporte; a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia; a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación e Galicia e as tres universidades de Galicia, para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda nº2 ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Lourenzá para a execución de obras en materia de urbanismo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para o desenvolvemento de infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación



- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia para o programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PALE)

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN), para a realización de tres proxectos de investigación relativos a *Tecnoloxías de unión avanzadas; Procesamento de materiais mediante tecnoloxías láser e Estudo de materiais e procesos de fabricación*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria; o Concello de Narón e a empresa *Unión Fenosa Distribución, S.A.*, para o soterramento de liñas de media tensión
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e os concellos de Meaño, O Porriño, Pontevedra e *Unión Fenosa Distribución S.A.*, para a mellora da subministración eléctrica
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración subscrito entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa *Peme Dixital*, no marco do *Plan Avanza*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cabana de Bergantiños para a mellora de iluminación
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas para o desenvolvemento do posgrao oficial de turismo
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos-Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos de la Pesca (ANFACO-CECOPECA), para a adquisición de infraestruturas científicas



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 2.060 metros, feita a título gratuito polo Concello de Vilar de Santos (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación da consultoría e asistencia para a redacción do proxecto sectorial e proxecto básico do novo hospital de Vigo

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Culleredo para a execución das obras de acondicionamento das marxes do río Trabe, treito: O Burgo-Vilaboa, en Culleredo (A Coruña) por importe de 1.196.476,01 euros
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Noia para a construción dun punto limpo, por importe 213-613.41 euros

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as enchentes acaecidas nalgúns concellos das provincias da Coruña e Pontevedra o 27 de novembro de 2006



A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DAS DELEGACIÓNS DO GOBERNO GALEGO NO EXTERIOR

- *As delegacións institucionalizarán e promoverán a presenza de Galicia, a súa cultura e os seus intereses no ámbito internacional*
- *Fomentarán as relacións da Comunidade Autónoma coas institucións e órganos de Goberno da súa área xeográfica de acción*
- *Serán canles de colaboración e participación democrática, institucionalizada, regrada e transparente*
- *Entre as súas funcións, prestarán apoio administrativo e institucional aos emigrantes galegos e ás comunidades galegas no exterior*
- *Apostarán polo principio de “unidade de acción” e estarán sometidas aos mesmos mecanismos de control existentes en toda política pública dunha sociedade plural, madura e libre*

O Goberno galego, na súa xuntanza semanal en Consello, aprobou esta mañá o decreto que regula a creación das delegacións da Xunta no exterior. Estas representacións administrativas no estranxeiro institucionalizarán e defenderán a presenza de Galicia, a súa cultura, a súa lingua e os seus intereses no ámbito internacional.

Segundo establece o texto, e tendo en conta que Galicia avanza na consolidación dunha nova etapa da vida política, faise necesaria a creación de delegacións da Xunta no exterior para artellar canles de colaboración e participación democráticas, institucionalizadas, regradas, transparentes e sometidas aos mesmos mecanismos de control existentes en toda política pública dunha sociedade plural, madura e libre.

As delegacións da Administración galega estarán adscritas á Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, en canto que órgano superior de apoio, asistencia e asesoramento ao Presidente da Xunta na acción exterior, análise do contorno internacional e proxectos de cooperación internacional que desenvolva o Goberno galego.

Un delegado ou delegada, nomeado polo Consello da Xunta por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, exercerá a dirección desta unidade administrativa para dar soporte ao presidente do Goberno galego e á súa xestión como máximo representante da Comunidade Autónoma. Neste contexto, tamén figurarán entre as principais funcións das delegacións no exterior:



- Apoiar todas as actuacións dos departamentos da Xunta na área xeográfica de acción
- Fomentar as relacións de Galicia coas institucións e os órganos de Goberno da área xeográfica de acción
- Impulsar accións de promoción da cultura e lingua galegas
- Fomentar os valores de igualdade entre mulleres e homes como valores asumidos pola cidadanía da moderna sociedade galega
- Prestar apoio administrativo e institucional aos emigrantes galegos e ás comunidades galegas no exterior, para o que terán a responsabilidade da coordinación, xestión, difusión e control dos programas dirixidos á emigración
- Contribuír ás accións de cooperación que, dentro da programación exterior de Galicia, a Xunta estableza no ámbito socioeconómico e de promoción do turismo
- Colaborar no seguimento e avaliación dos plans, programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento que se realicen na área xeográfica asignada
- Prestar asistencia técnica, orientación e información sobre Galicia aos axentes sociais, aos galegos, aos seus descendentes e aos interesados que así o requiran

Con independencia do Estado no cal se vaian establecer, as delegacións estenderán o seu ámbito de actuación ás áreas xeográficas que determine a Administración autonómica galega en cada caso particular. No exercicio das súas competencias tamén traballarán para promover un desenvolvemento humano global e tentarán contribuír a erradicar a pobreza no mundo así como a promoción dun crecemento económico duradeiro e sostible nos países elixidos para o seu establecemento.

Do mesmo xeito, e no contexto da crecente internacionalización da economía e a mobilidade laboral, a Xunta de Galicia asume, coa creación das delegacións no exterior, a responsabilidade de coadxuvar á presenza das empresas galegas no mercado global, achegándolles apoio e asistencia institucional.

Igualdade de oportunidades e unidade de acción

O Goberno galego inclúe na redacción deste decreto a vontade explícita de que no exercicio destas funcións se respecten tanto o principio de "igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes" como o de "unidade de acción" da Administración autonómica. Así mesmo, establécese que en cada delegación exterior existirá unha oficina de rexistro da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Acción exterior das comunidades autónomas

A acción exterior das Comunidades Autónomas está recoñecida pola doutrina do Tribunal Constitucional, que asume que poidan levar a cabo actividades de relevancia



internacional no exercicio das competencias que lles son propias ou na proxección exterior da personalidade de seu. Para iso, faise necesaria a presenza da Xunta no estranxeiro co gallo de prestar un servizo máis eficaz aos seus administrados e para a defensa dos seus intereses no ámbito internacional, sen prexuízo da función de representación exterior que lle corresponde ao Estado.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

- *Substitúen os do anterior Colexio de Educadores Sociais de Galicia, que foran aprobados no ano 2004*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao proxecto de decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG). O Colexio de Educadores Sociais de Galicia creouse en 2001, e os seus estatutos foron aprobados no ano 2004; pero na súa Asemblea Xeral Extraordinaria, que tivo lugar o 19 de maio deste ano, acordouse a aprobación destes novos estatutos co fin de adaptarse ao cambio de denominación da entidade, aprobada o pasado mes de outubro polo Consello.

O texto establece que o CEESG é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. O seu ámbito territorial é o do territorio galego, e para o exercicio da profesión de educador social en Galicia é imprescindible estar incorporado neste Colexio.

Os seus fins esenciais son ordenar o exercicio profesional; representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión; cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educador social; mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados; defender os seus intereses profesionais; velar para que a actividade profesional se adecue aos intereses dos cidadáns; e promover o recoñecemento da educación social. Pola súa banda, os seus principios esenciais de funcionamento son a igualdade dos seus membros, o funcionamento democrático e a liberdade de actuación dentro do respecto ás leis.

As súas funcións inclúen, entre outras, exercer a representación e defensa da profesión; exercer as accións legais e adoptar as medidas necesarias para evitar o intrusismo e a competencia desleal; establecer os baremos de honorarios, de carácter orientativo; organizar actividades dirixidas á formación e ao perfeccionamento profesional dos colexiados; e emitir informes e ditames, de carácter non vinculante, en procedementos xudiciais ou administrativos nos cales se susciten cuestións que afecten materias da educación social.

Os órganos esenciais da organización do goberno son a Xunta Xeral ou Asemblea – integrada por todos os colexiados-, a Xunta de Goberno e a Presidencia. Para ser admitido no CEESG é indispensable estar en posesión do título de educador social, estar habilitado polo Colexio ou incorporarse a través de acordos con outros colexios ou co Consello Superior de Colexios de Educadoras e Educadores do Estado español.



A MODIFICACIÓN DO USO DE TERREOS NA ZONA DE SAN CIBRAO, EN LUGO, PERMITIRÁ A CREACIÓN DE NOVAS DOTACIÓNS URBANÍSTICAS PÚBLICAS NA CIDADE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do concello de Lugo, que implica o cambio de usos duns terreos situados na zona de San Cibrao, dentro do termo municipal lugués. Esta modificación responde ao interese xeral que leva consigo a creación de novas dotacións urbanísticas públicas e a resolución de problemas de circulación xa que a súa execución permitirá tamén a prolongación da terceira rolda, que cumpre ademais a función de novo acceso ao dito centro sanitario.

A modificación aprobada hoxe, e que recibiu favorablemente pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, dá cumprimento a un convenio asinado entre o Concello de Lugo e a xerencia de Infraestruturas e Equipamentos do Ministerio de Defensa, relativo aos terreos da antiga polveira das Gándaras de Piñeiro. Segundo o dito convenio, o Ministerio cedeu ao Concello unha superficie de 1.413.722 metros cadrados, o que posibilitou no seu día a obtención dos terreos en que na actualidade se está a construír o novo Hospital Xeral de Lugo. A cambio, o Concello debería aprobar unha recualificación doutros terreos situados na zona de San Cibrao e que lindan co novo Hospital.



A XUNTA ACHEGARÁ 244.500 EUROS MÁIS PARA A ELABORACIÓN DA BASE DE DATOS TOPONÍMICA DE GALICIA

- *O Consello autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia*
- *Contratarase persoal para realizar a recolla de toponimia nos concellos de Brión, Cabanas, Cambre, Coirós, Muros, Paderne, Santiago de Compostela, Ourense, Meira, Mondoñedo, Gomeśende, Baiona, A Lama e Nigrán*
- *Doutra banda, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo que o Concello do Páramo cambia a súa capitalidade, ata o de agora situada no núcleo de Trebolle, que pasará a ser O Páramo*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia –formalizado o pasado 7 de xullo– co obxecto de establecer un marco de actuación para realizar traballos relacionados coa información do territorio dirixidos á elaboración dunha base de datos toponímica de Galicia. O importe total que se achegará a través desta addenda é de 244.500 euros, que se suman aos 90.000 iniciais recollidos no convenio asinado o pasado mes de xullo, polo que o importe total destinado a esta iniciativa ascende a 334.500 euros.

Esta addenda ten como obxectivo fixar as liñas de colaboración entre as consellerías de Economía e Facenda; Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; Educación e Ordenación Universitaria; Innovación e Industria; Medio Rural; Cultura e Deporte; Sanidade; Pesca e Asuntos Marítimos; Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; Traballo; Vivenda e Solo; e as secretarías xerais da Presidencia, de Comunicación, de Análise e Proxección, e de Política Lingüística, xunto coa Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, para a elaboración dunha base de datos toponímica galega.

O seu obxecto da mesma será a contratación de persoal para os traballos de campo para realizar a recolleita de toponimia nos concellos de Brión, Cabanas, Cambre, Coirós, Muros, Paderne, Santiago de Compostela, Ourense, Meira, Mondoñedo, Gomeśende, Baiona, A Lama e Nigrán. Para o seu financiamento achegaranse os devanditos 244.500 euros.

Convenio asinado

O acordo asinado o pasado mes de xullo comporta a recolla de toda a microtoponimia, cunha dobre finalidade: axudar á conservación de patrimonio toponímico e contribuír á actualización e mellora das bases cartográficas existentes,



tanto en cantidade como en claridade, aproveitando o asesoramento da Comisión de Toponimia, dependente da Consellería de Presidencia.

Na cláusula novena do acordo asinado prevese a posibilidade de futuras adhesións ao proxecto doutras consellerías ou organismos da Xunta mediante addendas, efectuando as achegas económicas correspondentes de acordo coas súas previsións orzamentarias e co réxime de xustificación e pagamentos que se estableza na propia addenda.

Capitalidade do Páramo

Doutra banda, o Consello da Xunta aprobou, así mesmo, o decreto polo que o concello do Páramo cambia a súa capitalidade, ata o de agora situada no núcleo de Trebolle, que pasará a ser O Páramo. A Xunta aproba así a proposta do municipio que baseou a súa petición na importancia económica e nos beneficios que esta modificación lles vai reportar aos seus habitantes, xa que a maior parte dos servizos e dotacións públicas e privadas están situadas no Páramo.

A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR ACHEGARÁ MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DE ESCOLAS INFANTÍS NOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, CARRAL E CARNOTA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os municipios correspondentes*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Pontevedra para a creación dunha escola infantil no barrio da Parada. Ademais, o Goberno galego tamén deu luz verde a outros dous convenios de colaboración para a construción das escolas infantís de 0 a 3 anos nos concellos de Carral e Carnota, nos cales tamén se fixan as bases para o mantemento destes servizos. Os tres centros, aos que a Vicepresidencia destina en total 1,4 millóns de euros, integraranse na rede Galescola e pasarán a xestionarse dentro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

A escola infantil de Pontevedra ten un orzamento inicial de 760.000 euros, dos cales a Vicepresidencia compromete a achega económica correspondente ao 80% do custo do proxecto construtivo, as obras de construción e a urbanización do contorno perimetral do centro, en total 608.000 euros, que se aboarán en dúas anualidades correspondentes aos exercicios do 2006 (19.200 euros) e 2007 (588.800 euros). O Concello asume o restante 20%, en total 152.000 euros.

Carral

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Carral co fin de construír unha escola infantil 0-3 do municipio. O orzamento total para a creación do centro é de 553.910 euros, dos cales a Xunta asume o 80%, cunha achega económica de 443.128 euros, e o Concello o outro 20%, 110.782 euros.

Carnota

Por outra banda, o financiamento do proxecto, as obras e a urbanización do contorno perimetral da futura escola infantil 0-3 de Carnota están orzadas en 445.000 euros. En virtude do convenio autorizado hoxe, a Xunta achegará para esta obra un total de 344.000 euros, e o Concello os restantes 101.000 euros.

Mantemento dos centros

Tanto a escola de Pontevedra como as de Carral e Carnota forman parte da Rede Galescola que está a impulsar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e que



implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia.

Unha vez creados, e en virtude dos convenios asinados, os tres centros pasarán a integrarse no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do cal se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento destes servizos, correspondéndolles un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



XUNTA E GOBERNO CENTRAL INVISTEN MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS EN PROGRAMAS DE APOIO A FAMILIAS EN SITUACIÓNS ESPECIAIS

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as administracións*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais investirán un total de 4.141.106 euros na realización de programas de apoio a familias en situacións especiais, tras a aprobación hoxe no Consello da Xunta da autorización para a sinatura do convenio de colaboración entre ambas as administracións. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará un total de 2.996.585 euros para estas iniciativas e o Ministerio investirá 1.144.521 euros.

A través do convenio poranse en marcha tres tipos de programas: os programas para a educación familiar, a atención de familias desfavorecidas e en situación de risco e de familias monoparentais, as iniciativas de orientación e mediación familiar e puntos de encontro familiar, e por último as actuacións de apoio a familias no seo das cales se producen episodios de violencia familiar.

Do orzamento para estas actuacións, un total de 3.050.731 euros dedícanse para os programas para a educación familiar, a atención de familias desfavorecidas e en situación de risco e familias monoparentais. Estas iniciativas teñen por obxectivo a intervención de persoal especializado naquelas familias nas cales se detectan carencias competenciais nas funcións parentais, unhas carencias provocadas pola perda de referencias estables e das funcións asignadas a cada rol da familia. O fin último das intervencións é a integración social e a mellora da calidade de vida das familias.

Os programas de orientación e mediación familiar e puntos de encontro familiar levan un orzamento de 804.438 euros. Estas actuacións serven para prestar as problemáticas relacionadas cos procesos de conflictividade familiar, situacións que implican un risco de ruptura da familia e situacións nas que a parella ten decidido separarse, caso en que poden recorrer á mediación familiar como alternativa de negociación das súas responsabilidades parentais en intereses dos menores.

A Xunta e o Ministerio de Traballo invisten un total de 285.934 euros nos programas de apoio a familias no seo das cales se produce violencia familiar. As accións deste tipo diríxense fundamentalmente ás familias nas cales se teñen detectado problemas de violencia, aínda que tamén se poden realizar actuacións de tipo preventivo dirixidas a núcleos familiares determinados en situacións de risco.

A XUNTA PROMOVE UNHA MAIOR COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO DE IDIOMAS COA POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA FORMATIVO DE ESTANCIAS NO ESTRANXEIRO

- *A Consellería de Educación e o Ministerio de Educación e Ciencia achegarán máis de 2 millóns de euros á posta en marcha do Programa de Apoio ao ensino e aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PALE)*
- *Os profesores participarán en itinerarios formativos que constarán de tres fases: unha intensiva de formación na Comunidade; outra de inmersión no estranxeiro e unha terceira de traballo cooperativo*
- *Este convenio enmárcanse nas prioridades educativas da Xunta de Galicia en materia de idiomas que pasan por mellorar o estudo de linguas estranxeiras na Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se lle autoriza á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a sinatura dun convenio co Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) para o *Programa de Apoio ao ensino e aprendizaxe de Linguas Estranxeiras (PALE)*. En virtude deste acordo, a Administración educativa galega achegará un total de 1.278.616 euros. Este programa promove que os docentes de idiomas modernos dos centros galegos acaden unha maior competencia nestas linguas mediante a súa participación en itinerarios formativos, entre os cales destaca a estancia en países estranxeiros.

O convenio ten como finalidade cofinanciar itinerarios formativos de linguas estranxeiras para o profesorado, sexa ou non especialista nesta materia. Este programa está en consonancia coas políticas educativas da Xunta que teñen entre as súas prioridades promover o multilingüismo entre os escolares galegos e a mellora do estudo de linguas estranxeiras nas escolas da Comunidade Autónoma. De feito, neste curso escolar a Xunta ampliou a aprendizaxe dunha primeira lingua estranxeira a 50 novos centros de educación infantil e primaria e, ampliouse, ademais o número de centros galegos que contan con seccións europeas.

O itinerario formativo consistirá nunha formación completa en tres fases: a primeira, intensiva, durante o período escolar, polo que o profesorado participante será substituído no seu labor docente, durante ao menos 200 horas en Galicia; unha segunda fase de inmersión no estranxeiro de polo menos dúas semanas; e unha terceira de traballo cooperativo entre o profesorado de formación didáctica da materia.

As actuacións recollidas neste acordo centraranse na formación do profesorado implicado no ensino de linguas estranxeiras nos diferentes niveis educativos:



profesorado de educación primaria especialista en lingua estranxeira que imparta idioma na dita etapa; profesorado especialista en educación infantil que actualmente imparte docencia nese nivel e participa na implantación temperá do ensino da lingua estranxeira; e profesorado de educación primaria e secundaria non especialista en idioma estranxeiro que participa en proxectos lingüísticos innovadores.

Os profesores participantes terán ocasión de revitalizar e profundizar contidos e aspectos lingüísticos xa adquiridos, avanzar na adquisición dun nivel de competencia lingüística superior e aplicar ao propio contexto todo o adquirido fomentando o traballo cooperativo con outros profesores. Ademais, mediante a estancia nun país que teña como lingua oficial o idioma correspondente á formación, avansarase na inmersión lingüística e cultural, favorecendo as competencias orais e a comprensión de factores socio-culturais vinculados a esta lingua.

O MEC comprométese ao pagamento do 40% dos gastos do programa, que ascenden a 852.411 euros. Pola súa banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria farase cargo do 60% restante, achegando 1.278.616 euros, distribuídos en dúas anualidades: 767.170 euros en 2007 e 511.446 euros en 2008. Os fondos do programa irán destinados á formación dos colectivos, tanto en Galicia como no estranxeiro, cos materiais precisos; ao pagamento do profesorado substituto durante a formación intensiva dos participantes; e a cubrir os gastos de desprazamento e aloxamento do profesorado.

EDUCACIÓN ACHEGA PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS E SERVIZOS XERAIS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN DAS UNIVERSIDADES

- *Un convenio entre a Administración educativa autonómica e as tres universidades galegas permitirá a elaboración dun Mapa de Servizos Xerais e Infraestruturas de Apoio á Investigación das universidades*
- *Ademais, favorecerá o desenvolvemento dunha acción piloto de apoio de cara a optimizar o funcionamento dos servizos que actualmente se prestan no SUG*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación. A Administración educativa galega investirá un total de 1.950.000 euros nesta acción.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña, a Universidade de Compostela e a Universidade de Vigo para executar dúas actuacións para o desenvolvemento e xestión eficiente dunha oferta competitiva e sostible de servizos xerais e Infraestruturas de Apoio á Investigación que opere de forma integrada e complementaria no marco do SUG.

Deste xeito, o convenio abordará dúas accións principais: a elaboración dun Mapa de Servizos Xerais e Infraestruturas de Apoio á Investigación das universidades; e o desenvolvemento dunha acción piloto de apoio a actuacións consorciadas dos Servizos Xerais e Infraestruturas de Apoio á Investigación. Os obxectivos da primeira destas accións son avaliar a situación e capacidade obxectiva dos servizos; deseñar e planificar un modelo de organización e funcionamento común que optimice os recursos actuais e posibilite o desenvolvemento consorciado dunha oferta integral de Servizos Científico-Tecnolóxicos de Apoio á Investigación para o SUG; e identificar indicadores que poidan ser utilizados no Plan de Financiamento das Universidades como mecanismo para a avaliación e seguimento do funcionamento dos servizos e as infraestruturas, e que servirán para establecer contratos-programa de financiamento competitivo destinados a este tipo de servizos.

A segunda das accións recollidas no marco deste convenio pasa por desenvolver unha acción piloto de apoio de cara a optimizar o funcionamento e desenvolvemento de servizos que actualmente se prestan no SUG de forma aberta e complementaria, mediante investimentos e mantemento de infraestruturas e de persoal asociados.

En virtude deste acordo, as universidades do SUG asumen a obriga de desenvolver estas accións. Pola súa banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,



a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, comprométese a cofinanciar as accións piloto, mentres que as universidades asumen o custo do mapa. Así, a Administración educativa galega investirá 1.950.000 euros, achegando 650.000 euros a cada universidade. Estes importes irán destinados a cubrir gastos de persoal, adquisición de novo equipamento e gastos de mantemento dos Sevizos de Apoio á Investigación.

A XUNTA FAVORECE A PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DA COMUNIDADE A TRAVÉS DA COLABORACIÓN CO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

- *Educación, Innovación, Cultura, a Secretaría Xeral de Comunicación, a Sociedade Anónima de Xestión CESGA e as tres universidades galegas asinarán unha addenda ao convenio para a renovación do acordo de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia*
- *Esta acción permitirá a subscrición do consorcio á base de datos Scopus, que ofrece referencias de máis de 15.000 títulos de revistas de 4.000 editoriais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a *Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia* e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. De acordo con esta addenda, a Administración educativa autonómica achegará 300.000 euros.

A Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia (SUG) ten entre as súas funcións a promoción e a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de Innovación. Así, esta dirección xeral encárgase da transferencia de coñecemento á sociedade galega a través da promoción da óptima xestión dos resultados de investigación xerados polo SUG, incentivando a súa orientación ás demandas sociais, económicas e ambientais de Galicia.

En virtude desta addenda, a Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG contribuirá ao financiamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia achegando 300.000 euros, de xeito que o consorcio se poida subscribir á base de datos interdisciplinar *Scopus*, para facilitarlles aos investigadores o acceso á información en todas as áreas de coñecemento científico, así como poder adquirir unha colección de libros electrónicos de *NetLibrary* e favorecer deste xeito a produción científica en Galicia.

Scopus é un produto de información bibliográfica da editorial *Elsevier* de contido interdisciplinar que ofrece *abstractos* e referencias de máis de 15.000 títulos de revistas publicadas por unhas 4.000 editoriais, converténdoa na base de datos con maior cobertura nacional, con preto de 30 millóns de resumos. Esta base de datos serve para facilitarlles aos investigadores o acceso á información bibliográfica máis importante producida a nivel mundial en todas as áreas de coñecemento científico.

Pola súa banda, *NetLibrary* é o principal provedor de libros electrónicos do mercado bibliotecario, cubrindo unha ampla gama temática de importancia fundamental na educación e investigación das universidades. A súa contribución sería novidosa no SUG por canto as bibliotecas universitarias case non dispoñen hoxe de oferta de libros electrónicos nos seus fondos. Estes libros pasarán a engrosar os catálogos das tres bibliotecas universitarias como unha nova ferramenta de apoio á docencia e á investigación. A colección será seleccionada polas tres bibliotecas universitarias de acordo aos intereses específicos de cada unha delas, dun catálogo de máis de 90.000 libros electrónicos.

INNOVACIÓN E INDUSTRIA INVESTIRÁ UN TOTAL DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE IMPLANTACIÓN DE NEGOCIO ELÉCTRONICO

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda ao convenio do Plan Avanza para o desenvolvemento deste programa*
- *O programa PEME dixital pretende aumentar a implantación do negocio electrónico, incluíndo en particular a implantación da factura electrónica*

A Consellería de Innovación e Industria desenvolverá o programa PEME dixital, enmarcado na Área de Competitividade e Innovación do Plan Avanza, co obxecto de aumentar a implantación en Galicia do negocio electrónico, incluíndo en particular a implantación da factura electrónica. O Consello da Xunta autorizou hoxe o departamento de Fernando Blanco a asinar unha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria e a Xunta para o desenvolvemento deste programa, que terá un orzamento conxunto de 1.356.220 euros, achegados pola Consellería de Innovación e Industria (640.000) e polo Ministerio (696.220).

As actuacións incluídas no proxecto PEME dixital prevén os obxectivos de implantar nas pemes solucións TIC (aplicacións ou servizos) dispoñibles no mercado, fomentar a dispoñibilidade de novas solucións de negocio electrónico, incluída a factura electrónica, facilitar a participación efectiva das pemes nos mercados electrónicos, promover a utilización da factura electrónica e dos procedementos telemáticos nas relacións das pemes coas AAPP e proporcionar asesoramento personalizado ás pequenas empresas no uso das TIC para a mellora dos seus procesos empresariais.

En concreto, a Consellería de Innovación e Industria impulsará entre 2006 e 2007 actuacións específicas de apoio ás pemes. Así, o departamento dirixido por Fernando Blanco desenvolverá e proporcionará compoñentes básicos de factura electrónica baixo licenza de código aberto ou software libre, ademais de darlles soporte loxístico e tecnolóxico ás empresas de desenvolvemento de software de Galicia para que implanten módulos de facturación electrónica aos seus paquetes de facturación tradicional. Varias liñas de subvención ás pemes tamén se enfocarán a impulsar o uso da factura telemática entre as pemes, co fin de mellorar a súa produtividade e favorecer o avance da sociedade da información.

Ordes de subvención apoiarán tamén a adquisición e implantación de equipos e solucións TIC, o que incidirá na mellora do actual estado de madurez tecnolóxica das pemes galegas, e promoverán a posibilidade de conexión á Internet en banda larga nos ámbitos afectados pola fenda dixital.

Son programas de formación teórica e práctica impulsados pola Consellería permitirán

a capacitación de titulados medios e superiores na xestión e impulso de actividades de sociedade da información con carácter innovador, ademais de asegurar a súa inserción nas empresas galegas.

Por outra banda, Innovación e Industria porá á disposición do proxecto, e mediante colaboracións coas universidades galegas, os medios materiais e humanos necesarios para axudar as pemes e os investigadores a redactaren e presentaren solicitudes de propiedade industrial, para a extensión internacional das solicitudes e para a realización de informes tecnolóxicos.

Tamén no marco do Plan Avanza, a Consellería de Innovación organizará unha conferencia dirixida á innovación nas tecnoloxías da información e as comunicacións nas pemes e, por último, impulsarase a adopción de melloras nos procesos de desenvolvemento de software nas pemes mediante a incorporación na súa organización de plans de mellora baseados en ferramentas e metodoloxías de probado éxito. Deste xeito preténdese incrementar a competitividade das empresas obxectivo, mellorando a calidade dos procesos de desenvolvemento de software e dos seus produtos.

O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ MÁIS DE 500.000 DE EUROS A PROMOVER UN POSGRAO DE TURISMO QUE IMPARTIRÁN AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio coas tres institucións académicas do país para desenvolver este máster*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e as tres universidades galegas para o desenvolvemento do posgrao oficial de turismo. Esta iniciativa suporá o investimento de 527.970 euros por parte do Goberno Galego no período 2006-2009, que permitirán a posta en marcha do Máster en Dirección e Planificación do Turismo, dentro do programa de posgrao oficial de turismo.

A Universidade de Vigo será a coordinadora do programa, que se estrutura en dous anos, dos cales o primeiro é común entre as tres universidades e no segundo cada universidade ofrece unha especialidade.

O primeiro ano cúrsanse 60 créditos e as materias repártense en catro grandes bloques temáticos: xestión de organizacións turísticas; deseño de produtos turísticos; planificación de destinos turísticos e métodos e técnicas de investigación aplicados ao turismo. As especialidades do segundo ano, nas cales o alumno ten que cursar outros 60 créditos, son as seguintes: Turismo interior e de saúde (Universidade de Vigo); Turismo urbano e xestión de empresas turísticas (Universidade de Santiago de Compostela) e Xestión de destinos e novos produtos turísticos (Universidade da Coruña).

Alto nivel

Segundo se explica no texto do convenio, este posgrao responde á necesidade de formar profesionais de alto nivel para a dirección e planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, tratando de dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e ás súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento do país, como é o turismo.

A XUNTA IMPULSA MELLORAS ELÉCTRICAS EN DIVERSOS CONCELLOS GALEGOS

- *Varios convenios de colaboración permitirán soterrar liñas eléctricas nos concellos de Narón, Meaño, O Porriño e Pontevedra*
- *Cabana de Bergantiños beneficiarase doutro convenio para a mellora da iluminación en diversos puntos do concello*

A Consellería de Innovación e Industria asinará convenios de colaboración con varios concellos e coa empresa Unión Fenosa para o soterramento de diversas instalacións eléctricas. Unha das actuacións executarase no Concello de Narón, no que se soterrará a liña de 123 Kv Cornido-Santa Mariña entre os apoios 12 PAS e 18 PAS, cunha lonxitude de 1.100 metros e que discorre polos termos municipais de Narón e Ferrol. O orzamento total desta obra ascende a 3 millóns de euros, das cales 964.606 corresponden á obra civil e 2.035.394 á instalación eléctrica. Innovación e Industria asumirá o 30,47% do investimento da instalación eléctrica (600.000 euros), Unión Fenosa o 44,21% (900.000 euros) e o Concello de Narón o 25,32% restante (535.394 euros). Será o Concello quen asuma a totalidade do investimento preciso para realizar a obra civil.

Por outra banda, Innovación e Industria, Unión Fenosa e os concellos pontevedreses de Meaño, O Porriño e Pontevedra asinarán outro convenio de colaboración para o soterramento de instalacións eléctricas. Este convenio prevé un investimento conxunto de 360.387,97 euros, que corresponden aos custos, por unha banda, da instalación eléctrica (149.639,08 euros) e, pola outra, da obra civil (210.749,17). A Consellería de Innovación e Industria sufragará o 40% do investimento correspondente á execución das instalacións eléctricas, mentres que Unión Fenosa achegará o 60% restante deste investimento. Os concellos, pola súa banda, asumirán o custo da obra civil das actuacións que se van desenvolver nos seus respectivos termos municipais.

En concreto, os soterramentos que se desenvolverán en virtude deste convenio son, en Meaño, o das Covas, actuación que ten un custo total de 54.655,26 euros; en Pontevedra, o centro de transformación de San Pedro de Alcántara, ao cal se destinarán un total de 122.693,96 euros; e, por último, a liña de media e baixa tensión do Porriño, neste mesmo concello, que ten un custo de 183.038,75 euros.

Estas actuacións enmárcanse nos obxectivos da Consellería dirixida por Fernando Blanco, no campo da política enerxética, de conseguir unha explotación e xestión máis racional das subministracións enerxéticas, e de promover todos aqueles proxectos encamiñados a fomentar a eficacia da enerxía, o que contribuirá non só a cumprir os requisitos de Kioto, senón que fomentará a seguridade da subministración

eléctrica. Co soterramento das liñas conseguirase mellorar as infraestruturas eléctricas existentes e reducir o seu impacto visual. O feito de soterralas, ademais de aumentar o grao de seguridade, diminuírá a posibilidade de interrupcións imprevistas, mellorando así a calidade da subministración eléctrica aos veciños destes concellos.

Mellora do iluminación en Cabana de Bergantiños

A Consellería de Innovación e Industria asinará tamén un convenio de colaboración co Concello de Cabana de Bergantiños para mellorar a iluminación nos lugares de Remisqueira-Anos, Ternande-Seixellos, Iñaño-Cundíns, Cabana-Seixellos, Fruille-Cundíns, e Vilimón-Nantón. As actuacións de mellora que se van desenvolver nestes lugares contarán cun orzamento total de 352.761 euros, dos cales a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, achegará o 75,8% (267.476 euros).

Este convenio é froito dunha proposta do Concello de Cabana de Bergantiños, que despois da resolución da orde de axudas da consellería para a mellora de infraestruturas enerxéticas nos concellos identificou diversas necesidades de subministración polo que presentou a súa proposta de actuacións neste sentido a Innovación e Industria. O departamento autonómico considerou oportuno contribuír á execución das citadas accións, dado o seu interese social e tal e como está a facer con outros concellos galegos.

A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA INVESTIRÁ 500.000 EUROS EN PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO SECTOR METALÚRXICO

O Consello da Xunta de Galicia deu a súa aprobación ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN) para a realización de tres proxectos de investigación. Con esta medida preténdese impulsar o desenvolvemento de tecnoloxías que sexan de aplicabilidade no sector industrial galego e levar a cabo actividades que posibiliten a mellora da competitividade de AIMEN.

O convenio financiará tres proxectos de investigación por un valor total de 500.000 euros. O principal proxecto, que recibirá da Consellería de Innovación e Industria 260.000 euros, consiste en dotar AIMEN de infraestruturas, equipos, materiais funxibles e o persoal necesario para potenciar a Planta de Tecnoloxías de Unión. A finalidade é consolidar esta asociación como un referente europeo no estudo das tecnoloxías de unión (soldadura, unións mecánicas, etc.). O convenio fai fincapé na importancia de transferir ao tecido industrial galego o coñecemento adquirido no tocante a estas tecnoloxías.

O segundo proxecto, que recibirá 190.000 euros da Consellería de Innovación, consiste en dotar a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste dos medios e persoal necesario para consolidar o papel desta como referente nacional no estudo do procesamento de materiais mediante tecnoloxía láser. Estas actuacións permitirán o desenvolvemento de proxectos relacionados coas nanotecnoloxías, mediante o tratamento de áreas manométricas e a deposición de capas de moi pequeno grosor.

Por último, o acordo de colaboración establece que a Consellería de Innovación e Industria dotará AIMEN con 50.000 euros para desenvolver unha infraestrutura de apoio a aqueles subsectores industriais con maior potencial de crecemento, como son o de transformación do aluminio, aeronáutica, conformado en frío e quente e fabricación de matrices e moldes.

A colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e AIMEN xorde co obxectivo de suplir as carencias tecnolóxicas do tecido empresarial galego que lles dificultan afrontar a crecente competitividade do mercado, sendo necesarios fortes investimentos para adquirir o coñecemento científico-tecnolóxico necesario para o desenvolvemento de novas tecnoloxías que permitan achegar solucións prácticas e funcionais aos problemas actuais. AIMEN, como centro tecnolóxico en contacto continuo coas pemes galegas, constitúe un vehículo adecuado para levar a cabo estas investigacións que supoñen un custo inabordable para as pemes tanto polo importe dos investimentos que serían necesarios como polo grao de utilización final que estas realizarían deles.

Hai que lembrar que a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN) é unha asociación de carácter privado e sen ánimo de lucro que ten por obxecto mellorar o nivel tecnolóxico do sector industrial, vixiar a evolución tecnolóxica dos mercados, captar e desenvolver tecnoloxías emerxentes, fomentar a incorporación das tecnoloxías e propiciar a innovación tecnolóxica do sector industrial. Está formada na actualidade por máis de 70 empresas e dá servizo a máis de 400 dedicadas a diversas actividades industriais, fundamentalmente do sector da automoción, naval e metalmecánica, entre outros.

A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA FINANCIARÁ CON 200.000 EUROS A MELLORA DO EQUIPAMENTO CIENTÍFICO DE ANFACO-CECOPECA

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na sesión de hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Asociación Nacional de Fabricantes de Conserva de Peixe e Marisco-Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (ANFACO-CECOPECA) para a dotación de infraestruturas científicas por parte do centro tecnolóxico. A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) financiará con 208.200 euros a operación.

O obxectivo do convenio é incrementar o equipamento científico de ANFACO-CECOPECA e mellorar a asistencia que presta á industria pesqueira. Deste xeito, preténdese que con este acordo a Asociación poida desenvolver actividades formativas orientadas aos traballadores das empresas galegas do sector transformador de produtos do mar, así como dotar de modernos laboratorios o Centro Tecnolóxico para a análise de materia prima e simulación de diferentes procesos de produción, solventando así problemas técnicos que demandan as empresas do sector.

Co investimento de 208.200 euros, Anfaco-Cecopesca ten previsto adquirir un sistema TEMPO para análise microbiolóxica industrial; un sistema de microondas para a dixestión ácida de mostras de auga; un cromatógrafo de líquidos de alta eficacia con detectores de fluorescencia e *diode array* (HPLC/FLD/DAD); un sistema integral de control de parámetros de temperatura e un armario conxelador de placas.

Este convenio incríbese dentro das competencias da Dirección Xeral de I+D+i en materia de fomento da investigación científica, así como de fomento e coordinación de actuacións destinadas á dotación de infraestruturas de apoio á investigación en Galicia. Pola súa banda, ANFACO-CECOPECA participa desta iniciativa en calidade de Centro Tecnolóxico de Servizos para o sector transformador de produtos da pesca e da acuicultura, entre cuxos obxectivos está fomentar a investigación para desenvolver novos produtos, o asesoramento e apoio tecnolóxico e científico aos seus asociados e, en xeral, iniciativas que poidan ser beneficiosas para a industria da conservación da pesca e o seu envasado.

A XUNTA ESTÁ A ACELERAR AO MÁXIMO OS PRAZOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO

- *O Executivo galego autorizou hoxe un investimento de máis de 4,6 millóns de euros para a redacción do proxecto sectorial e do proxecto básico do novo hospital da cidade olívica*
- *O centro vigués contará con 1.414 camas fronte ás 636 coas que conta o hospital xeral na actualidade*
- *Estará situado nunha parcela de 250.000 metros cadrados das parroquias de Beade e Valladares*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un investimento de 4.625.000 euros, para a redacción do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do proxecto básico do novo hospital de Vigo. Con este paso, o Executivo galego continúa acelerando ao máximo os prazos para a construción do novo hospital de Vigo, que se adianta en máis de dous anos respecto ao prazo previsto para a súa posta en marcha. O prazo de execución da redacción será de seis meses desde a adxudicación.

Neste proceso de contratación os licitadores contarán con 15 días para enviar a solicitude de participación no proceso. De entre estas solicitudes, seleccionaranse como invitadas as sete empresas mellor valoradas polos técnicos do Servizo Galego de Saúde, para o que se deberán ter, por unha banda, a acreditación da solvencia económica e técnica mediante titulacións académicas e profesionais dos empresarios; e, por outra, a relación dos principais servizos ou traballos feitos nos últimos anos.

Avaliarase, así mesmo, a calidade da obra arquitectónica tanto hospitalaria como non hospitalaria, os premios e distincións recibidos no ámbito internacional e a calidade do equipo técnico, así como a divulgación da obra arquitectónica.

As empresas invitadas a participar no proceso deberán desenvolver, nun prazo previsto de dous meses, unha proposta arquitectónica do traballo que se van realizar, que resolva o programa de espazos previsto. Posteriormente, de entre estas empresas será seleccionado o adxudicatario que finalmente desenvolverá o proxecto básico e o proxecto sectorial, para o que contará cun prazo de seis meses.

Documentación do proxecto sectorial

O proxecto sectorial do novo hospital de Vigo redactarase de acordo co establecido na Lei 10/1995 e no Decreto 80/2000, pola que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Os plans e proxectos sectoriais constarán dos documentos necesarios para reflectir con claridade e suficiencia as seguintes determinacións: a descrición do espazo en que se asente a infraestrutura; dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto e ámbito territorial de incidencia deste; organismo, entidade ou persoa xurídica ou física promotor e titular da infraestrutura; xustificación do interese público ou utilidade social; descrición, coa especificación suficiente das características da infraestrutura, dotación ou instalación obxecto do plan ou proxecto, duración temporal estimada da súa execución e recursos económicos afectados a ela.

Ademais, constará da incidencia sobre o territorio físico, afeccións ambientais e medios de corrección ou minimización; e da adecuación co planeamento local vixente no termo ou termos municipais en que se asente a infraestrutura, ou se é o caso, determinacións do dito planeamento local que deben ser modificadas como consecuencia da aprobación do plan ou proxecto sectorial, así como o prazo para realizar a correspondente adecuación.

O proxecto básico constará dunha información previa na cal figuren os antecedentes e condicionantes de partida, datos da localización, contorna física e normativa urbanística. Deberá ter tamén unha descrición da solución adoptada, implantación e integración no sistema viario existente, descrición xeral do edificio incluíndo a organización funcional e superficies, todo iso de acordo co plan funcional.

Plan funcional

O plan funcional do novo hospital de Vigo foi presentado o pasado 7 de xuño. O dito plan está a permitir planificar toda a área sanitaria de Vigo e deseñar unha innovadora estrutura hospitalaria que responda aos retos deste contorno poboacional.

O novo hospital de Vigo, situado unha superficie de 250.000 metros cadrados nas parroquias viguesas de Beade e Valladares, contará con 1.414 camas e suporá un investimento de 370 millóns de euros en obra e equipamento, que se dividen en 280 millóns para obra civil e instalacións e os outros 90 para o equipamento electromédico, informático e mobiliario clínico e instrumental.

As 1.414 camas distribúense en tres áreas: medico-cirúrxica, materno-infantil e ambulatoria, así como catro bloques: cirúrxico, de hemodiálise, de urxencias xerais e de urxencias materno-infantís.

A área medico-cirúrxica conta con 14 unidades polivalentes de 24 habitacións dobres, tres unidades para pacientes críticos de 12 camas cada unha, catro unidades de coidados mínimos de 40 camas cada unha, dúas unidades psiquiátricas de 22

habitacións individuais, 16 camas de reanimación e 24 postos de despertar, 172 camas de hospitalización de día e 38 camas de observación de urxencias.

A área materno-infantil conta con 18 unidades de atención integral ao parto, 72 habitacións individuais de obstetricia, 66 postos de neonatoloxía, 108 camas para as tres unidades de pediatria e 12 camas para a UCI pediátrica.

Na área ambulatoria a distribución é de 155 locais de consultas externas, 89 gabinetes de exploracións e 22 salas de curas/xesos.

O bloque cirúrxico conta con 27 quirófanos, dos cales 16 son para cirurxía programada con ingreso, seis de cirurxía maior ambulatoria, dous de cirurxía urxente, dous para cesáreas, e outro para a fertilización in vitro.

As urxencias xerais contarán con nove locais de consulta, 18 boxes de exploración e 24 camas de observación. As urxencias materno-infantís contan, ademais, con 5 locais de consulta, 13 boxes de exploración, 12 camas de observación pediátrica e dúas camas de observación obstétrica.

Para pacientes que precisen de hemodiálise, o novo hospital conta cun bloque con 29 postos, un de ensino, dous de diálise peritoneal ambulatoria continua, e dous para diálise infantil.

A infraestrutura do centro complétase con 59 equipamentos de diagnose por imaxe que, en concreto, son nove de radioloxía convencional e outros seis equipamentos portátiles, dous para aparello dixestivo/urinario, tres mamógrafos, quince de diagnostico (mamógrafos, densiómetros, orto-pantografía, ecógrafos...), dez salas dispoñibles con TAC e resonancia, seis equipos radiocirurxicos, tres multiusos pediátricos, catro anxiógrafos, catro gammacámaras, un TAC (tomografía axial computerizada) e un espazo de reserva en previsión de futuros desenvolvementos tecnolóxicos.



O SERGAS INVESTIRÁ AO REDOR DE 500.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE EN VILAR DE SANTOS (OURENSE)

O Consello da Xunta de Galicia aceptou hoxe unha parcela de 2.060 metros cadrados feita a título gratuito polo Concello de Vilar de Santos, en Ourense, a favor do Servizo Galego de Saúde (Sergas), para a construción dun centro de saúde. O investimento estimado por parte da Administración sanitaria galega neste centro será de ao redor de 500.000 euros.

Esta cesión por parte do Concello obedece á petición da Administración sanitaria galega, realizada en escrito do pasado mes de febreiro deste ano, no que se lle requiría ao antedito Concello a cesión efectiva da parcela onde se situará o novo centro de saúde, que será construído polo departamento que preside María José Rubio Vidal.

O novo centro de saúde de Vilar de Santos está previsto que conste dunha consulta de medicina xeral, unha de enfermaría, unha polivalente, unha sala de atención á muller, biblioteca e arquivo de historias clínicas, entre outras dependencias.

O concello ourensán de Vilar de Santos conta na actualidade con 859 cidadáns con tarxeta sanitaria residentes no concello. Deles 66 están en idade pediátrica e 324 son maiores de 64 anos.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 213.613 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO CORUÑÉS DE NOIA

A Consellería de Medio Ambiente investirá 213.613 euros na construción dun punto limpo no Concello de Noia (A Coruña) despois de que o Consello da Xunta aprobase hoxe o proxecto do acordo entre as administracións autonómica e municipal.

A obra ten un prazo de execución de tres meses e o seu custo será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente, con cargo aos orzamentos do 2007.

A construción do punto limpo no municipio de Noia é unha das actuacións previstas no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados incluído no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia (RSU). Este programa supuxo unha transformación na maneira de enfocar a problemática ao redor do lixo na nosa Comunidade, pasando de consideralo como un residuo molesto a un recurso que posúe un valor intrínseco, polo que debe ser valorizado aproveitando a materia que contén, mediante reciclaxe ou compostaxe, ou ben co seu aproveitamento enerxético.

Na actualidade son preto de 200 os concellos galegos que envían os residuos á valorización enerxética, e 12 os que apostaron pola compostaxe.

O Plan Xeral de RSU estase a completar coa progresiva creación de puntos limpos en Galicia. Este recinto está destinado ao depósito daqueles materiais xerados no ámbito domiciliario que, polas súas características, non se poden botar nos colectores da rúa, como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns ou electrodomésticos.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 1,2 MILLÓNS EUROS NO ACONDICIONAMENTO DAS MARXES DO RÍO TRABE, EN CULLEREDO (A CORUÑA)

A Consellería de Medio Ambiente investirá 1.196.476 euros nas obras de acondicionamento das marxes do río Trabe, no treito O Burgo-Vilaboa, no municipio de Culleredo (A Coruña). O proxecto realizarase mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Culleredo, que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), farase cargo da totalidade do financiamento do proxecto, cun investimento de 119.647 euros con cargo aos orzamentos do 2006 e unha partida de 1.076.828 euros con cargo aos de 2007.

As obras centraranse na recuperación das marxes degradadas do río Trabe e a transformación da zona da ribeira dos ríos Cova e Trabe, na localidade de Vilaboa, no municipio de Culleredo, que se conectarán co paseo fluvial de Acea de Ama e co paseo marítimo.

Segundo establece o convenio, a EPOSH encargárase da contratación das obras e da dirección, coordinación e execución do proxecto. Pola súa parte, o Concello de Culleredo porá á disposición da Consellería os terreos para o desenvolvemento das actuacións previstas e asumirá a titularidade das obras unha vez rematadas, facéndose cargo da súa conservación.

O convenio estará vixente ata decembro de 2007, e no marco deste constituirase unha comisión de seguimento, integrada por representantes de cada unha das partes.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTORA XERAL DE TRANSPORTES DA CPTOPT A MAR CHAO LÓPEZ, ENXEÑEIRA E XEFA DE EXPLOTACIÓN DO PORTO DE VIGO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea directora xeral de Transportes a Mar Chao López. A nova titular da Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes é enxeñeira de Camiños, Canais e Portos pola Universidade da Coruña, cidade onde naceu, e exerce desde 2003 o cargo de xefa de Explotación da Autoridade Portuaria de Vigo, cidade onde reside. Ademais da súa formación como enxeñeira, conta tamén con estudos de dereito e loxística.

Nacida en 1974, Mar Chao López iniciou a súa carreira profesional na Autoridade Portuaria da Coruña en 1998, desenvolvendo diversos proxectos e ocupando sucesivamente os cargos de xefa da Unidade de Prestación de Servizos, xefa da División de Prestación de Servizos e xefa da División de Operacións Portuarias. En xaneiro de 2003 pasou a traballar para a Autoridade Portuaria de Vigo, onde ocupou ata o momento o cargo de xefa do Departamento de Explotación.

A nova directora xeral de Transportes da CPTOPT é membro do Comité Marítimo da European Sea Port Organization (ESPO) en representación dos portos españois, da International Association of Maritime Economics e forma parte de diversos comités técnicos de Portos do Estado así como do grupo de expertos da plataforma tecnolóxica Innovamar, fundación para o fomento da investigación e o desenvolvemento das industrias marítimas.

Mar Chao López chega ao cargo de directora xeral de Transportes en substitución de José Carlos Baños, que cesou por petición propia.

O CONSELLO DA XUNTA ANALIZA UN INFORME QUE REVELA QUE O DÍA 27 VILAGARCÍA DE AROUSA REXISTROU 153 LITROS POR METRO CADRADO, O MAIOR VOLUME DE CHUVIAS DESDE QUE SE TEÑEN REXISTROS

- *Os 126,6 litros/m² recollidos na estación de Caldas superan a precipitación máxima diaria do mes de novembro dos últimos 30 anos*
- *Os niveis rexistrados nas estacións de Caldas, Vilanova ou Pontevedra do 15 ao 27 de novembro duplican o nivel de chuvia de todo o mes de novembro dos últimos 28 anos*
- *A concentración das fortes precipitacións nun curto intervalo de tempo e o aglutinamento de nubes cargadas agravou a situación en Vilagarcía*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que constata a excepcionalidade do volume de precipitacións que provocou as inundacións o pasado día 27 de novembro. Os datos mostran que nas comarcas máis afectadas polas chuvias, Barbanza, O Morrazo, O Salnés e os concellos de Caldas de Reis, Poio, Pontevedra e Vilaboa, se rexistrou un índice pluviométrico sen precedentes nas últimas décadas que se revela como causa determinante dos anegamentos.

En Vilagarcía de Arousa, o concello máis afectado, recolléronse o pasado luns 153 litros por metro cadrado, o que constitúe o nivel máis alto rexistrado desde que comezou a toma de datos, en 1987. Igualmente excepcionais son as cifras doutros municipios: os 126,5 litros por metro cadrado caídos en Caldas de Reis superan a precipitación máxima diaria correspondente ao mes de novembro dos últimos trinta anos; e nas estacións de Bueu e Sanxenxo se rexistraron máis de 111 litros por metro cadrado.

Analizados desde o punto de vista do promedio climático, considerando a serie histórica 1976-2004, o conxunto destes datos pluviométricos reflicten tamén a excepcionalidade da situación. Por exemplo, a cantidade de auga recollida nas estacións de Caldas, Vilanova ou Pontevedra, desde o 15 ao 27 de novembro duplica con creces o nivel de chuvia de todo o mes de novembro dos últimos 28 anos.

O informe presentado pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza apunta tamén que o curto intervalo de tempo no que se produciron as fortes precipitacións, unido á concentración e localización das nubes cunha carga máis abundante de auga sería outro factor determinante na dimensión dos danos. Sería precisamente esa concentración de nubes cargadas de auga o que provocou o os excepcionais valores rexistrados en Vilagarcía de Arousa, e estaría provocada pola suba de temperatura da auga do mar nuns poucos graos.

Os datos proban a concentración temporal dos maiores niveis de chuvia. Así, en Caldas de Reis, entre as 14, 40 e as 19,20 horas recolléronse 78 litros por metro cadrado, e entre as 6 e as 7 da tarde, 24 litros. En Bueu superouse a cifra de 30 litros/m²hora en varios momentos ao longo da tarde .

Á espera dunha cuantificación completa dos danos ocasionados polas inundacións en Vilagarcía de Arousa, a localidade máis afectada, os concellos achegaron unha primeira relación de desperfectos que revelan que os municipios que máis sufriron os efectos das chuvias foron, na Coruña, Ribeira e A Pobra do Caramiñal; e en Pontevedra, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Meaño, Pontevedra e Sanxenxo.

A consecuencia do temporal de chuvias, o centro de atención ás emerxencias, 112-SOS Galicia atendeu o día 27 de novembro un total de 3.944 chamadas, que deron lugar a 736 operativos de protección civil.

Ademais, o informe constata que por causa do fenómeno meteorolóxico adverso, a Consellería de Educación suspendeu as clases para o día 28 en varios centros de educación infantil e primaria das localidades afectadas, nunha medida que afectou a 1.700 alumnos.